



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Memoria da Presidencia



Memoria da Presidencia

Santiago Villanueva Álvarez, na súa calidade de Presidente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante o presente documento e dando cumprimento ao disposto polo artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, artigo 18.1.a) do Regulamento que desenvolve parcialmente ese Texto, aprobado polo Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e en relación co disposto polo artigo 14.4 dos Estatutos deste Consorcio, aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (con modificado por mor do Decretos 151/2006, do 31 de agosto e 62/2009 do 12 de marzo), formulou a Memoria explicativa do contido do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 20142 e das principais modificacións que presenta respecto ao aprobado para 2013.

Consideracións previas e marcos económico e legal:

Na Memoria desta Presidencia, correspondente aos Orzamentos do 2012 e 2013, lembrábase a consolidación do Consorcio, e sendo o Orzamento que agora se presenta, o décimo segundo documento orzamentario que se somete para a aprobación, esa consolidación segue sendo unha realidade indubidable o que significa que a prestación do servizo está cumplindo os obxectivos dentro do marco establecido no art. 5 dos estatutos.

Tamén nas ditas Memorias, facíase fincapé, por unha banda, na especial situación económica que incidía loxicamente no Consorcio, obrigando a restrinxir, ao máximo, o gasto, por mor tamén da repercusión nas dúas Administracións que forman esta entidade da dita situación xa que logo, están na obriga de cumplir os obxectivos de estabilidade orzamentaria que lles afectan (Comunidades Autónomas e Entidades locais). E, por outra banda, lembrábanse o elenco de normas que se tiñan aprobado co obxecto de alcanzar os obxectivos de estabilidade no conxunto das Administracións públicas, e moi especialmente, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que regula, nun texto único, a estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de todas as Administracións Públicas: Estado, Comunidades Autónomas, Corporacións Locais e Seguridade Social. Lei que entre outra obrigas, implica que a xestión dos recursos públicos deberá estar orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público de tal forma que calquera tipo de actuación da Administración que afecte aos gastos ou aos ingresos públicos, presentes ou futuros, deberá valorar as súas repercusións e efectos e supeditarse, de forma estricta, ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Pois ben, a situación de restricción do gasto no conxunto das Administracións públicas, segue a ser unha das bases para que poidan alcanzarse os obxectivos de estabilidade e déficit aprobados, de forma que a repercusión que isto ten no Consorcio, materialízase na diminución das previsións que para o seu sostemento se achegarán no vindeiro exercicio de 2014 e de feito, baséanse nas resultantes, logo da reducción acordada polo Pleno en sesión do 26 de xuño de 2013, sobre as aprobadas en 19 de decembro de 2012 con ocasión da aprobación do Orzamento de 2013. Todo isto, nembarcante, coa seguridade de que o servizo queda plenamente garantido, pois a reducción de achegas leva aparellada unha importantísima reducción no que atinxe aos gastos, especialmente os dirixidos a investimentos que, como se verá, se reducen nun 78% respecto dos aprobados (aínda que non se executaran) para 2013. Isto tamén, a salvo do que e ao longo do exercicio presupostario e ao respecto, poida apelarse en función do remanente líquido de tesourería para gastos xerais segundo resulte de Liquidación do Orzamento de 2013.

Tamén, e relacionado tanto coa garantía na prestación do servizo público como na rendibilización dos recursos das distintas Administracións, o proxecto de Orzamento reflicte o Convenio co Concello de Ferrol para a prestación do servizo a determinados municipios, tal e como quedou acordado na sesión plenaria de 9 de xullo de 2013.



No que atinxo ás retribucións dos empregados públicos, aténdese ao establecido nos arts. 20 e seguintes do Proxecto de Lei de Orzamentos xerais do Estado para 2014.

En consecuencia, e como se verá, as principais modificacións do documento orzamentario que se presenta para 2014, áchanse reflectidas nos capítulos IV e VI do estado de gastos, o primeiro pola novidade das obrigas que recolle e, o segundo, pola importantísima reducción que experimenta e, respecto do estado de ingresos, a novidade que se espera introducir respecto dos tributos, ánda que iso non repercuta na contía e a importante diminución que reflicte o capítulo IV, tanto respecto do Orzamento aprobado para 2013 como dos anteriores.

Sobre a base das consideracións que preceden, e xunto coa colaboración e suxestións realizadas pola Xerencia nas funcións que a estes efectos lle atribúe o artigo 16.2.b) dos Estatutos, a continuación se desenvolven, respecto ós Estados de Gastos e Ingresos, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ó respecto, finalizando esta Memoria cunha conclusión de resumo do exposto.

Estado de Gastos:

O **Capítulo I**, tal e como se indicou, mantén idéntica contía que o e Orzamento de 2013 e anteriores en aplicación do sinalado nos arts. 20 e seguintes do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2014.

Respecto do **Capítulo II**, reflicte a orixe do modo de prestación do servizo, xa que supón, case, un 94% dos gastos totais orzamentados para 2014, sendo continuidade resultante do sinalado nas Consideracións previas, non presentando, realmente, variación substancial respecto de exercicios anteriores, xa que logo:

- Se recollen as obrigas dos contratos pola xestión indirecta, calculadas sobre a base das actuais facturacións más un IPC do 1'8% e cun IVE do 21%.
- Contémplanse seguros e gastos dos distintos vehículos que se adquiriron neste exercicio (4 Furgóns servizos varios, 4 vehículos mandos) e doutros que serán re-asignados a tres parques.
- Os gastos de administración xeral non contemplan ningunha variación substancial respecto a 2013.

Por lo que toca ao **Capítulo III**, non experimenta variación respecto a 2012 e anteriores.

En relación co **Capítulo IV**, presenta respecto da totalidade dos documentos orzamentarios aprobados ata a data, a maior novidade, xa que, co gallo do indicado Convenio co Concello de Ferrol, contén as transferencias do total do exercicio de 2014, co fin de que o Consorcio afronte as obrigas económicas derivadas do acordo plenario de 09.07.2013 e que dito convenio reflicte.

O **Capítulo VI** é, xunto co anterior, o capítulo do estado de gastos que experimenta a modificación máis substancial, xa que se ve reducido, como se indicou, case nun 78% respecto do exercicio de 2013, derivado, á súa vez, da diminución das achegas das dúas Administracións que forman este Consorcio, polo que, salvo apelando ao recurso de autofinanciamento derivado do Remanente de tesourería para gastos xerais segundo resulte da Liquidación que se practique ao Orzamento de 2013, pode dicirse que, realmente, non se prevén investimentos para 2014.

No que atinxo ós **Capítulos VII, VIII e IX** non experimentan variación respecto dos exercicios de 2011 e precedentes, non recolléndose, consecuentemente, consignación ningunha naqueles.



Estado de ingresos:

Os **Capítulos I e II**, carecen de previsión por non ser de aplicación ao Consorcio os tributos que recollen.

O **Capítulo III** presenta dúas variacións, si ben as previsións, tanto no que respecta recadación da taxa pola prestación do servizo, como á da taxa por expedición de documentos administrativos, reflecten idéntica contía que as previsóns aprobadas para 2013, no que atinxe a previsión de ingresos polas contribucións especiais, experimenta un incremento sobre as que inicialmente se previron e aprobaron no Orzamento de 2013, e isto, pola recadación realmente producida neste exercicio, xa que se ten en conta ademais desa recadación, a vixencia do Convenio aprobado polo Pleno en sesión do 13 de febreiro de 2012, de forma que finalmente, recóllese unha previsión que acada o 88% da contía efectivamente recadada en 2013 pero, nembande, está en estudo modificar a Ordenanza pola prestación do servizo, de forma que a mesma inclúa un novo feito imposible "O mantemento dos servizos de bombeiros e emerxencias que preste o consorcio, con independencia de que se solicite ou non a súa prestación directa ou específica, xurdindo a obriga de contribuír como consecuencia da existencia de tales servizos e da dispoñibilidade permanente dos medios materiais e persoais adscritos ao consorcio para tal fin", isto implicaría que os recursos obtidos a través das contribucións especiais, "desaparecerían" por incompatibilidade e, á súa vez, se incrementarían, na mesma contía, esos recursos pero, xa non terían a natureza de contribucións especiais, senón de taxa e, polo tanto, recurso ordinario que non leva aparelladas as esixencias dos primeiros, senón que poderá adicarse, precisamente, ao mantemento e sostibilidade do servizo.

Respecto ao **Capítulo IV**, reflecte como se indicou, a maior modificación, no que atinxe ao estado de ingresos, respecto do Orzamento aprobado en 2013 e desde unha dobre perspectiva:

- Por unha banda, recolle as achegas da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña para o sostento do Consorcio, cunha importantísima diminución respecto das aprobadas e logo reducidas, para 2013, reflectindo, finalmente, as contías resultantes da indicada diminución segundo o acordo plenario que a tal fin aprobouse na sesión do 26 de xuño de 2013. Débese ter en conta a este respecto, o contido do art. 23 dos estatutos desta Entidade:

As achegas dos entes consorciados para o sufragamento dos gastos ordinarios de funcionamento do parque, efectuaranse da maneira seguinte:

a) Fase de construcción e equipamento:

- Xunta de Galicia: 50% do total do orzamento.*
- Deputación Provincial da Coruña: 50% do total do orzamento.*

b) Fase de funcionamento:

- Xunta de Galicia: 50% do total do orzamento.*
- Deputación Provincial da Coruña: 50% do total do orzamento.*

- E, por outra banda, recóllense no rateo correspondente, as achegas económicas para afrontar as obligas do repetido Convenio co Concello de Ferrol, respectando a proporcionalidade desde o inicio do Convenio de forma que, o total do exercicio (218.415,64€) que consigna o Capítulo IV do Estado de Gastos, distribúese:

- a. Achegas en 2014 da Xunta de Galicia: 91.006,52€
- b. Achegas en 2014 da Deputación Provincial: 127.409,12€

En canto ás previsóns incluídas no **Capítulo V** non experimentan variación ningunha respecto ás de 2013.

No que respecta ao **Capítulo VI**, tampouco experimenta variación, xa que non se prevé venta de patrimonio desta Administración, polo que lòxicamente, a previsión de ingreso é de 0,00 €.



No que atinxe ás transferencias de capital recollidas no **Capítulo VII**, tampouco ten variación respecto das previsións de 2013 tendo en conta que, desde o ano 2010 é o propio Consorcio o que financia os investimentos a través dos seus tributos propios así como tamén, acudindo ao aforro derivado do remanente de tesourería.

Por último, os **Capítulos VIII e IX**, ao igual que nos Orzamentos precedentes, non reflicte previsión de ingreso ningunha.

Conclusión:

O Orzamento que se propón para a súa aprobación, reflicte a sinalada continuidade no mantemento do servizo que este Consorcio presta á sociedade dentro da especial situación económica actual e baixo os seguintes elementos:

- O incremento que experimenta o Capítulo II do estado de gastos para afrontar, basicamente, as obrigas que comporta a prestación do servizo dentro do marco do cumprimento da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira asignando a este capítulo a maior parte dos recursos, orientándose a xestión dos mesmos de acordo cos principios de eficacia, eficiencia, economía e calidade.
- O decremento, das transferencias do Capítulo IV do estado de ingresos, que corresponden ás achegas das Administracións consorciadas para afrontar, parcialmente, o gasto corrente.
- O considerable decremento que experimentan os investimentos e reflicte o Capítulo VI do estado de gastos.
- A inclusión, tanto no que atinxe ao estado de gastos como ao de ingresos, das obrigas económicas para dar cumprimento ao convenio subscrito co Concello de Ferrol.
- O incremento na previsión dos ingresos no que atinxe as contribucións especiais e, tal e como se indicou, a previsible modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo para incluír na mesma, o mantemento e dispoñibilidade do servizo o que implicaría a dedicación da recadación obtida ao propio mantemento e continuidade do servizo.

Como xa se indicou tamén na Memoria do Orzamento de 2012, enténdese que non poden afrontarse novos investimentos se non hai recursos suficientes, polo que estase na obriga de rendibilizar dos que se dispón atendendo, en primeiro lugar, ás necesidades e compromisos, é por iso, esa austeridade non afecta ás obrigas previamente adquiridas polo Consorcio, de forma que a prestación do servizo e, concretamente, canto afecta aos contratos das concesionarias, áchanse cubertos na súa totalidade, e polo tanto, o servizo público obxecto deste Consorcio, non vai sufrir deterioro nin na asignación dos recursos nin na calidade da súa prestación que queda, en todo caso, asegurada, como se desprende das asignacións económicas ás aplicacións que, de cara aos parques comarcais, reflicte o capítulo II do estado de gastos.

A presente Memoria xúntase co resto da documentación elaborada ao Proxecto de Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2014, a fin de que completado en legal forma o contido do expediente, poida examinarse polo Pleno da Entidade, quen, como órgano competente, realizará as actuacións de aprobación, emenda ou devolución, e para o cal se somete ó seu cumplido criterio.

Carballo, 9 de outubro de 2013.

O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

O Presidente

